

≡ LETRAS GALEGAS ≡

O domingo, 17 de maio de 2020, é o día das letras galegas, que este ano están dedicadas a **Ricardo Carvalho Calero**.

O **Día das Letras Galegas** é un día de exaltación da lingua de Galicia a través da súa manifestación literaria. Comezou a celebrarse o 17 de maio do 1963, coincidindo co centenario da primeira edición de Cantares gallegos, de Rosalía de Castro.

A continuación déixovos unha **recompilación de recursos** para conmemorar este día, **pinchando nas imaxes levan a web correspondente**:

- O **Equipo de Normalización Lingüística de Ferrolterra**, compartiu un proxecto pensado para alumnado dende os 3 ata os 12 anos, en torno ao autor homenaxeado. Neste proxecto atópase un **conto**, unha **canción** e unha proposta con **diversas actividades**.



- **Alba Carril Casanova** (CPI de Vedra) e **Ana Sánchez Sanmartín** (CEIP Arquitecto Casas Novoa) crearon unha actividade que consiste nunha **escape room** en liña para festexar o día das letras galegas. Alba Carril ademais fixo unha para os/as máis peques!





- O **Seminario Permanente de Formación do Profesorado do CEIP Galán**, en Oseiro-Arteixo (A Coruña), dende o do curso 2002/2003 centrouse na elaboración de materiais relacionados co Día das Letras Galegas e o/a escritor/a homenaxeado/a cada ano. Nesta web

podedes atopar **documentos para imprimir** (fichas con actividades tamén con **pictogramas**) dende 3 anos a 12, **actividades en liña** e un **álbum de fotos** relacionados con Carvalho Calero.

- Na web **Aulas Galegas**, **Mar Hermida** e **Pilar Ponte** fixeron unha **recompilación de recursos**. Esta entrada irase actualizando ao longo dos días cos diferentes materiais que vaian atopando. Podedes atopar moitas **actividades**, **especiais**, **monográficos**, **artigos e presentacións**, **infografías**, **libros e obra en xeral**, **música**, **representacións artísticas**, **vídeos** e **xogos** sobre Ricardo Carvalho.



A IMAXE É UNHA CARICATURA DE **SIRO**



- Na web da **Cidade da cultura de Santiago de Compostela** podedes atopar un **desafío creativo e artístico** da raposa Fedella.

Para calquera cousa podedes contactar comigo a través do correo:

Victoriafernandezrodriguez@gmail.com

FELIZ DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2020!

Ado: Viqui (Coordinadora de biblioteca)

